

Museo	Museo de las Peregrinaciones y de Santiago
Inventario	D-798
Clasificación Genérica	Pintura
Objeto/Documento	Cadro
Tipología/Estado	Retrato
Autor/a	Anónimo
Título	Retrato de Cosme III de Médicis
Materia/Soporte	Lenzo Pintura ao óleo
Técnica	Óleo sobre lenzo
Dimensiones	Longo = 9 cm; Ancho con marco = 72,50 cm; Alto con marco = 120 cm
Descripción	<p>Retrato de Cosme III de Médicis (1642-1723).</p> <p>Aparece representado en escorzo, de medio corpo sobre fondo uniformemente escuro, apoiado o brazo esquerdo sobre algún obxecto que non pode percibirse. Podería suxeitar un sombreiro. Saliéntase no retrato soamente os principais resgos físicos do personaxe representado: a cabeza e levemente o corpo. Da cabeza sobresaen a fronte ampla e arcada, os beizos grosos e vermellos e os ollos saltóns. Presenta fino bigote e longa melena de cabelos rizos e escuros. Viste traxe escuro con gravata de encaixe branco ao pescozo, semellante ao do puño. Apréciase no lado esquerdo do peito a cruz da Orde de san Estevo.</p> <p>Marco moderno dourado moldurado, con catro cunchas de vieira nas esquinas. Copete con motivos en C e rocallas. Nos bordos superior e inferior leva sendas cartelas con volutas que encerran inscricións ( V. Inscrición /Marcas).</p> <p>Cosme III, o Gran Duca de Florencia, peregrinou a Santiago de Compostela en 1669 acompañado dun gran séquito. Do seu paso pola península consérvanse diversas crónicas (de especial importancia é a de Magalotti) que achegan información de grandísimo interese para o coñecemento do momento histórico.</p>
Iconografía	Cosme III de Médicis; Cruz da Orde de San Esteve
Inscricións/Leyendas	<p>Cartela inferior, Pintado, Italiano (2004)          COSMO III DE MEDICI / 1642-1723 / IV GRANDVCA DI TOSCANA (Cosme III de Médicis /1642-1623/ Gran Duque da Toscana)          Cartela inferior, Pintado, Italiano (2004)          DONO DI / ALBERTO BRUSCHI / ANTIQUARIO IN FIRENZE / AD MMIV (Regalo de/Alberto Bruschi/Anticuario en Florencia/Ano do Señor 2004)          Reverso, Pintado, Italiano (2004)          DONO DI / ALBERTO BRUSCHI / ANTIQUARIO IN FIRENZE / AD MMIV (Regalo de/Alberto Bruschi/Anticuario en Florencia/Ano do Señor 2004)</p>
Datación	1701=1710

Contexto Cultural/Estilo	Barroco
Lugar de Producción/Ceca	Florenzia (Florenzia (provincia), Toscana)
Uso/función	Representación do persoaxe para a posteridade. Probablemente destinada a unha das moitas oficinas granducais dispersas polo territorio toscano
Descriptorios Geográficos	Florenzia
Lugar de Procedencia	Florenzia
Historia del Objeto	<EXPOSICIONS>: (Antes da entrada no MDPS no ano 2006). - Quando le leggi erano belle. Bandi dei Medici a Cutigliano, Palazzo dei Capitani in Cutigliano, Pistoia, 1998. - A viaxe de Cosme III de Medicis. San Martiño Pinarío, Santiago de Compostela (15 de outubro 2004 a 17 xaneiro 2005).

#### Clasificación Razonada

- A obra pertenceu á colección de Alberto Bruschi (Grassina, Florenzia, Italia), sendo ofertada en doazón á Xunta de Galicia para o Museo das Peregrinacións en 2004 e ingresando no ano 2006.

O óleo parece ser unha variante dun lenzo de maior calidade conservada ata tempos recentes nunha colección privada en Figline Valdarno, atribuída a Giuseppe María Crespi por Karla Langedijk. Aínda que cinguido ao esquema compositivo do orixinal neste aparece o sombreiro e o rostro é tratado con menos naturalismo e con faccións estereotipadas e máis xuvenís cas daqueloutro. A estreita conexión deste lenzo co de Figline Valdarno, datado así mesmo a principios do s. XVIII fai pensar na mesma datación. (Baseado no texto correspondente ó catálogo da exposición de Santiago, 2005).

Cosme III de Médicis é fillo de Fernando II e de Vittoria della Rovere, formando parte da importante familia de comerciantes e banqueiros florentinos que chegaron a gobernar a Toscana e a exercer unha influencia considerable sobre a política italiana. Representantes da burguesía ascendente nas cidades do norte de Italia na época de expansión do capitalismo mercantil e financeiro, deixaron a súa pegada na arte do Renacemento exercendo abundantemente o mecenado. Aparecen ocupando o cargo de gonfaloniero ou xefe da cidade dende o s. XIV.

A familia dividiuse en dúas ramas a partires de Juan de Médicis (Giovanni di Bicci, 1360-1429): mentres o seu fillo menor, Lorenzo (1395-1440), daba lugar a unha rama secundaria, postergada ata comezos do s. XVI, o poder en Florenzia recaía en mans da rama principal, que arrinca do seu fillo maior, Cosme, o Vello (Cosimo, 1389-1464).

Con Fernando I cambiou a orientación política de Toscana, aliñándoa coa Francia de Henrique IV contra a España de Filipe II e Filipe III (de feito, foi el quen casou en 1601 á súa sobriña María co rei francés). Sen embargo, cando Francia fixo a paz co duque de Saboia, Fernando volveu a aliarse con Filipe III para facer fronte ao inimigo italiano. Sucederon ao seu fillo Cosme II (1590-1621), o seu neto Fernando II (1610-70), e o seu bisneto Cosme III (1642-1723) e o seu tataraneto Juan Gastón (1671-1737), baixo os que tivo lugar a decadencia da dinastía. O derradeiro dos nomeados non tivo descendentes varóns, co que se extinguiu a liñaxe dos Médicis, deixando Toscana a mercade dos intereses diplomáticos das grandes potencias.

Cosme III, decidiu viaxar a Compostela movido polo seu carácter relixioso. O que en principio podería ser unha máis das viaxes que un nobre realiza, acabou por ter unha importancia destacada para Compostela.

#### Bibliografía

BELLESI, Sandro. *Retrato de Cosme III de Médicis*. El viaje a Compostela de Cosme III de Médicis: Museo Diocesano, Santiago de

Compostela, 15 octubre 2004 / 17 enero 2005, coordinada por Marcelina Calvo Domínguez. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, 2004. pp. 226-227.

Forma de Ingreso

Depósito por doazón

Fuente de Ingreso

Xunta de Galicia

Fecha de Ingreso

02/02/2006

Catalogación

Domínguez Pallas, Desirée; Pérez Outeiriño, Bieito



MUSEO  
PEREGRIN  
E DE C





Foto: Clara González Fernández